

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 20 de outubro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da senda peonil na marxe dereita da PO-551, punto quilométrico 6+295-7+718 (Vilaseca-Lapamán), (clave PO/16/045.06).

Antecedentes:

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia determina, no seu artigo 6.2, que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Os obxectivos da dita estratexia son o desenvolvemento duns sistemas de transporte alternativos que reduzan ao mínimo as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento desta mobilidade alternativa son, entre outros, o emprego de modos de transporte non motorizados, a mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 2 de novembro de 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Estratexia en materia de mobilidade alternativa na comarca do Morrazo e concellos limítrofes, onde unha das sendas propostas era unha senda peonil na PO-551, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo: Senda peonil na marxe dereita da PO-551, p.q. 6+295-7+718 (Vilaseca-Lapamán), de clave PO/16/045.06.

A senda localízase no concello de Marín, provincia de Pontevedra, pola marxe dereita da PO-551, entre os p.q. 6+295 e 7+718, e ten unha lonxitude total de 1.454 m. O criterio de deseño adoptado para o proxecto inclúe unha beiravía de 1 m de largo aproximadamente e unha senda de formigón de 2 m de largo medio (ben que naqueles puntos en que o espazo sexa insuficiente se reducirá esta dimensión) limitada exteriormente por un bordo de formigón.



Entre os p.q. 6+970 e 7+005, a estrada atravesa un pequeno leito sobre o cal existe actualmente unha ponte de cantaría, e, acaroadada a esta, proxéctase unha pasarela de madeira ancorada á dita estrutura.

Ao longo do trazado realizaranse diversos muros de contención, así como a reordenación do aparcadoiro de vehículos nas proximidades da praia de Lapamán.

En atención a todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se somete a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), na Casa do Concello de Marín (avenida de Ourense, s/n, 36900 Marín). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: 3a5zu278-5pr0-1j91-nb09-vllpg24lko3



ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción: senda peonil na marxe dereita da PO-551, p.q. 6+295-7+718 (Vilaseca-Lapamán).

Clave: PO/16/045.06.

Concello: Marín (Pontevedra).

Nº	Referencia catastral	Titular	Tipo	Superficie predio	Superficie expropiación	Cultivo
1	36026A05100648	Rosales Caballero, Manuel	RU	583	6,20	C-Labor ou labradío secaño
2	36026A05100647	Rosales Caballero, Manuel	RU	409	8,96	C-Labor ou labradío secaño
3	36026A05100646	Descoñecido	RU	2.512	28,00	C-Labor ou labradío secaño
4	36026A05100607	Rivas Pousada, Margarita e outros	UR	3.059	5,19	V-Viña secaño/ I-Improdutivo
5	36026A05101376	Argibay Soage, Carmen	UR	446	35,34	MM-Piñeiral madeireiro
6	36026A05101370	Soage Piñeiro, Rosa	UR	165	19,93	MM-Piñeiral madeireiro
7	36026A05100578	Lino Piñeiro, M. Isabel	UR	134	4,52	V-Viña secaño
8	36026A05100584	Buceta Entenza, Dolores	UR	110	13,75	C-Labor ou labradío secaño
9	36026A05100585	Fernández Sanjorge, José	UR	146	0,81	C-Labor ou labradío secaño
10	36026A05100587	Omil Aguete, Concepción	UR	205	78,11	MT-Matogueira
11	36026A05100588	Rosales Caballero, Manuel	UR	163	41,51	V-Viña secaño
12	36026A05100589	Iglesias Sánchez, M. Luisa	UR	570	32,96	V-Viña secaño
13	36026A05100606	Argibay López, Ángel Manuel e outros	UR	90	3,79	V-Viña secaño
14	36026A05100392	Aguete Grandal, Emilia e outros	UR	1.081	4,42	V-Viña secaño
15	36026A05100393	Budiño Aguete, Benito	UR	429	75,16	V-Viña secaño
16	36026A05100398	Lemos Argibay, Manuel	UR	329	9,78	V-Viña secaño/ I-Improdutivo
17	36026A05100425	Vidal Grandal, Amalia	UR	315	58,54	V-Viña secaño
18	36026A05100433	Piñeiro Pousada, Carmen	RU	295	179,48	V-Viña secaño
19	36026A05100441	Entenza Carballo, Manuel	RU	57	34,20	V-Viña secaño
20	36026A05100442	Soage Piñeiro, Rosa	RU	63	41,05	V-Viña secaño
21	36026A05100434	Grandal Souto, Pilar	RU	376	10,35	V-Viña secaño
22	36026A05100440	Soage Grandal, Manuel e outros	RU	413	7,57	C-Labor ou labradío secaño
23	36026A05100443	Quiroga Calviño, Ricardo	RU	62	0,28	V-Viña secaño
24	36026A05100164	Argibay Fariña, Manuel	UR	211	30,42	C-Labor ou labradío secaño
25	36026A05100163	Argibay Fariña, Manuel	UR	126	58,03	C-Labor ou labradío secaño



Nº	Referencia catastral	Titular	Tipo	Superficie predio	Superficie expropiación	Cultivo
26	36026A05100153	Lorenzo Magdalena, Gonzalo	UR	673	5,62	C-Labor ou labradío secaño
27	36026A05100150	Iglesias Sánchez, M. Luisa	RU	493	38,81	C-Labor ou labradío secaño
28	36026A05100143	Tomé Martínez, Adolfo (herdeiros de)	RU	875	8,16	MT-Matogueira
29	36026A05100059	García Rosales, Josefa e outros	RU	576	135,54	C-Labor ou labradío secaño
30	36026A05101416	Iglesias Pastoriza, José Luis	RU	2.962	74,12	C-Labor ou labradío secaño
31	36026A05101415	Fernández Fernández, Teresa	RU	1.143	23,34	C-Labor ou labradío secaño
32	36026A05100033	García Fontela, Manuel	RU	1.203	19,99	C-Labor ou labradío secaño
33	36026A05100032	Domínguez Santos, José	RU	267	17,13	C-Labor ou labradío secaño
34	36026A05100031	Estévez Piñeiro, Carmen	RU	231	24,57	C-Labor ou labradío secaño
35	36026A05100029	Pastoriza Dávila, Antonio (herdeiros de)	RU	420	29,66	C-Labor ou labradío secaño
36	36026A05100025	Garrido García, Eugenio	RU	214	17,30	C-Labor ou labradío secaño
37	36026A05100024	Dávila Sotelo, Dolores	RU	289	20,21	C-Labor ou labradío secaño
38	36026A05100023	Ameijeiras Blanco, Bernardo José (herdeiros de)	RU	710	14,61	C-Labor ou labradío secaño
39	36026A05100018	Loira Rosales, José	RU	582	22,14	V-Viña secaño
40	36026A05106014	Espiña Arosa, Lucía	RU	1.200	0,00	C-Labor ou labradío secaño
41	36026A05100013	González Entenza, Carmen	RU	801	0,00	C-Labor ou labradío secaño
42	36026A05100003	Cabanelas S-S, Manuel	RU	784	41,26	C-Labor ou labradío secaño
43	36026A05100005	Fariñas Grandal, Antonio	RU	187	22,78	C-Labor ou labradío secaño
44	36026A05100002	Calviño Nogueira, Manuel	RU	226	14,90	C-Labor ou labradío secaño

